

## Orde do 9 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases e se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación en empresa establecida para as ensinanzas incluídas no sistema educativo de formación profesional (DOG núm. 19 do 29 de xaneiro de 2026).

### Alumnado excluído

---

Non terá dereito á axuda convocada nesta orde.

- O alumnado de ensinos de FP dual en réxime intensivo en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- No caso da modalidade A, os que realicen a formación en empresa no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante o período de duración da dita formación.
- No caso da modalidade B, o alumno/a que gozase dunha axuda Erasmus+ KA121, KA122 ou calquera outra axuda que financie totalmente o período de realización da formación en empresa.

### Prazos da convocatoria

---

- **Primeiro prazo**, desde o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia ata o 30 de xuño de 2026, para o alumnado matriculado en ensinos de FP dual, en réxime xeral ou intensivo, que realice o seu período formativo na empresa ata o 31 de agosto de 2026.

Acollerase a este primeiro prazo o alumnado que realizase a formación en empresa nos períodos outubro 2025-marzo 2026 e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2026.

O alumnado ao que lle corresponda realizar a formación en empresa no período de setembro-décembro de 2026 e que anticipe a súa realización, non se acollerá a este primeiro prazo.

- **Segundo prazo**, comprendido entre o 13 de outubro e o 13 de novembro de 2026, para o alumnado matriculado en ensinos de FP dual, en réxime xeral ou intensivo, que realice o seu período formativo na empresa no período setembro-décembro de 2026.



Acollerase a este segundo prazo o alumnado que lle corresponda realizar a formación en empresa no período de setembro-decembro de 2026. Este alumnado deberá finalizar obrigatoriamente o período de formación en centros de traballo antes de 31 de decembro de 2026.

## Documentación

---

- **Arquivo da documentación**

O centro arquivará a seguinte documentación en papel como mínimo por un período de 5 anos. Non se enviará ningunha documentación á Dirección Xeral de Formación Profesional.

- a) Solicitude e declaración de residencia (anexo I).
- b) Copia do DNI da persoa solicitante, de ser o caso.
- c) Declaracións responsables complementarias segundo dispónse no artigo 13.2 desta orde (anexo III), de ser o caso.
- d) Certificación de realización das prácticas.

- **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

A aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas (anexo II), deberase asinar dixitalmente con certificado dixital ou Chave 365 e remitirse por correo electrónico a [fct@edu.xunta.gal](mailto:fct@edu.xunta.gal), antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

**Nota.** Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>



## Datas principais do primeiro prazo

---

Publicación da convocatoria no DOG	29/01/2026
Prazo de solicitudes	30 de xaneiro ao 30 de xuño
Publicación no centro da listaxe provisional	1 de xullo
Prazo de reclamacións	1 de xullo ao 10 de xullo
Publicación no centro da listaxe definitiva	11 de xullo
Finalización das prácticas	Do 11 ao 17 de xullo

## Máis información

---

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto nos teléfonos,

981546540 / 981 540 213 (Ana Cordo ou Paula Tenreiro).